

# PUBLICACIÓNS

---

Responsábel: Xosé-Manuel RODRIGUEZ PAMPÍN

## A modo de presentación

Naturalmente que esta sección "Publicacións" non pretende ser un boletín bibliográfico nin moito menos. Trátase sinxelamente de destacar aqueles traballos que, pola súa procedencia ou contido, revistan un interese especial dentro das características da nosa revista. É dicir: que sexan unha reflexión cristiá sobre a problemática galega, ou que, polo seu interese tanto estritamente relixioso como galego, poidan constituir referencias útiles pra que o home galego acade unha axeitada óptica da súa vida e realidade desde o ámbito da súa fe. Nada, pois, humano lle pode ser extraño; pero as propias limitacións desta publicación requiren unha selección que ten que vir peneirada polos cribos sinalados.

Para elo camiñaremos polos vieiros da simple recensión ou dunha máis repousada reflexión, como pode ser o caso destas cavilacións encol do primeiro ensaio que de xeito global e sistemático se intentou sobre a Relixión e a Igrexa en Galicia. Por ser, ademais, de recente publicación, nada nos parece máis axeitado para este primeiro número de "Encrucillada" que hoxe inicia a súa esperanzada andadura.

X. M. R. P.

## CAVILACIÓNS ENCOL DUN ENSAIO SOBRE A RELIXIÓN E A IGREXA EN GALICIA (1)

### Unha búsqueda lúcida e apaixonada

"Si quiere superar la simple crónica o librarse de naufragar en la mera apariencia, deberá comprometerse. Sólo la búsqueda comprometida de lo esencial y la pasión por lo que debe ser podrán romper el círculo e iniciar el camino de la claridad" (2).

---

(1) Andrés TORRES QUEIRUGA, *La Religión y la Iglesia*, en: VARIOS, *Los gallegos*, Ediciones Istmo, Madrid 1976, Colección «Fundamentos», núm. 53; capítulo 10, pp. 479-501.

(2) *Ibid.*, pp. 479-480.